




8 de marzo

Día Internacional da Muller Traballadora

Sabías que...?



- *Igualdade.*
- *Transversalidade.*
- *Ruptura de estereotipos de xénero.*
- *Asociacionismo feminino.*

O movemento de defensa das persoas consumidoras comeza a desenvolverse no noso país a partir da década dos oitenta do século vinte.

Un claro precedente deste movemento foron as **Asociacións de Amas de Casa** de finais dos sesenta, que posteriormente adoptaron o nome de “Consumidores/as e Usuarios/as” e tamén as asociación veciñais, nas que as mulleres tiñan unha importante presenza.

Podemos afirmar que o papel do **asociacionismo feminino** foi clave na defensa dos dereitos das persoas consumidoras.

Igualdade é transversalidade

Na Escola Galega de Consumo podes realizar o obradoiro “**Traballando en igualdade a través da publicidade**”, dirixido a nenas e nenos de 3 a 7 anos

Temos dispoñible unha **unidade didáctica sobre “Publicidade, consumo e xénero”**, dirixida a Educación Primaria, para traballar con ela nas aulas.

Se es docente, podes tamén realizar con nos o curso de formación de profesorado sobre “**Consumo e Xénero**”